

PORTO

[Gabe Klinger, 2016]

388

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 5, 14 e 20 de xuño | V.O.S.E.

Porto (2016, 76')

Dirección: Gabe Klinger

Guión: Larry Gross, Gabe Klinger

Elenco: Anton Yelchin, Lucie Lucas, Paulo Calatré, Chantal Akerman, Florie Auclerc-Vialens, Françoise Lebrun, Aude Pépin, Filomena Gigante, Diana de Sousa, Rita Pinheiro

Son: Pedro Ribeiro

Montaxe: Gabe Klinger, Géraldine Mangenot

Vestuario: Susana Abreu

Música: Emahoy Tsegué, Maryam Guèbrou

Dirección de arte: Andre Dias, Carlos Neves, Helena Rodrigues, Carla Rosário

Fotografía: Wyatt Garfield

Produtoras: Bando à Parte, Gladys Glover, Double Play Films (Portugal, Francia, EEUU)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés, portugués, francés

FILMOGRAFÍA

Double Play: James Benning and Richard Linklater, 2013

PREMIOS E FESTIVAIS

BAFICI 2017 (Premio FEISAL), Mons International Festival of Love Films (Mellor guión), Donostia 2017 (Novos directores), Rotterdam 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

Jake e Mati son dous estraños na cidade portuguesa de Porto, onde unha vez tiveron unha breve conexión. O misterio arredor dos momentos que compartiron permanece, e na busca a través dos seus recordos reviven as profundidades dunha noite sen inhibicións.

«Crónica melancólica dun amor fogoso e fugaz. Klinger consegue armar un relato atrapante e emotivo»

Alejandro Lingenti, LA NACIÓN



“Os 34 anos é unha boa idade para comezar a facer cinema”

Entrevista con Gabe Klinger

Por Antonis Goumas

Tañas o filme rematado cando Anton

Yelchin faleceu? Si, viu o filme antes de morrer. Non cos créditos finais pero si viu a montaxe final. Estaba moi moi orgulloso da súa interpretación. Falei arreo da súa perda. Coido que a mágoa dá enerxía. Estou anoxado porque el xa non está connosco e emprego esa enerxía para asegurarme de que o filme se vai ver en todo o mundo.

No London Film Festival mandaches parar a proxección porque a proporción de imaxe non era a correcta. Como escolliches esa proporción?

Pensei que era a axeitada para a historia que quería contar. O cinemascope permíteche entrar na pantalla. Quería que os elementos da historia se maximizasen na sala de cinema. Quería que a tea da pantalla se fixese máis grande, para que puidésemos dar un chimpio e entrar na historia. Graveina en 16 milímetros e Super 8. Estes formatos teñen máis grao e a nitidez é menor pero a imaxe é máis impresionista. Sabía que este proceso sería un risco. Todas as escollas estaban no guión. Escollemos o formato con

moito coidado. Primeiro decidín que quería contar a historia nestes formatos e logo fun procurar a historia en si. O cambio de formato indica tamén un cambio de tempo. O 16mm ten lugar algúns anos máis adiante no tempo. A moza que toca o violín é a actriz que logo casa e ten fillos, e el está algo máis vello e fatigado. Hai unha ambigüidade arredor do tempo no filme que era intencionado. Esa era a idea: desorientar dunha maneira produtiva.

Temos tres capítulos con diferentes puntos de vista e realidades alternativas.

Mudamos un pouco a perspectiva. Ás veces a perspectiva é a del e a veces a dela. Era interesante atopar ese equilibrio. E cando temos aos dous en imaxe na cama a cámara é como un ollo de paxaro, tentando dar a mesma importancia a ambos personaxes. Hai unha perspectiva flotante, un punto de vista case divino. Quixen empregar estas ferramentas na narración, pois parecíanme moi interesantes.

As escenas de sexo semellan moi reais, non cinematográficas.

Iso foi todo cousa de Anton e Lucy. Estiveron xeniais, moi comprometidos. Cando tes unha escena dese tipo hai só tres persoas importantes: o asistente de cámara, o operador de cámara e o de son. Cómpre ter en conta que os actores están espidos, non hai onde agochar un micrófono e non podes perder o audio, co que o operador de son ten que ser moi bo. O director non é moi importante polo que decidín non interferir entre Anton e Lucy, eles sabían ben o que tiñan que facer. Nesas

escenas sentía que podía ir dar unha volta e igualmente o seu traballo tería sido perfecto.

Daquela cres que existen as almas

xemelgas? É complicado, non? O filme está baseado na miña vida. Teño 34 anos, creo que é un bo momento para comezar a facer filmes porque xa acumulaches unha chea de experiencias e podes comezar a reflexionar sobre elas dunha maneira máis frutífera, con máis sabedoría, sobre o que che ocorreu ou o que che pode suceder no futuro. Estiven en moitas situacións románticas pero creo que o filme vai alén do que me teña sucedido a min, fala da posibilidade de reflexión, sobre a capacidade para sermos quen de lembrar, esquecer e acadar unha certa perspectiva sobre o acto de memoria.

Por que escolliches Portugal?

Realmente ía suceder en Atenas. Logo sucedeu iso que chamaron crise e pareceunos moi difícil poder gravar o filme en Atenas. Ademais a burocracia alí era un grande atranco. A personaxe principal é arqueóloga co que me gustaba a idea de que visitase xacementos atenienses. Pero Atenas non é un lugar doado para vivir e non nolo puxeron fácil. Desafortunadamente. Nun momento dado apareceu un produtor de Portugal, procurou posíbeis localizacións e foron tan coidadosos e cercanos a nós que axiña descubrimos que Porto sería a nosa cidade.

Publicado en <http://cinepivates.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por**
4,5€

**Faite
NUMAX!**